



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000011

### ACTA SESIÓN TIPO Extraordinaria DO CONCELLO PLENO

mércoles 30 de outubro de 2025

#### **Sr. Alcalde-Presidente:**

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

#### **Sres. Concelleiros:**

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

#### **Escusa ausencia**

Dona Marta M<sup>a</sup> Mouzo Pose (PP)

#### **Secretaria:**

Dona Eva Jardón López.

#### **Interventora:**

María Emilia García Maneiro

En Camariñas, sendo as 09:02 horas do xoves 30 de outubro de 2025 e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra Alcaldesa dona Sandra Insua Rial, e asistida da Secretaria da Corporación dona Eva Jardón López, os Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión Extraordinaria** .



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000011

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sra. Alcaldesa-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é o seguinte:

### ORDE DO DIA

#### **UNICO.- Aprobación do POS + Adicional 4/2025 para gasto corrente, redución da débeda dos concellos coa Deputación ou investimentos financeiramente sostibles.**

Consta no expediente o seguinte ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais do Pleno:

#### **“EXPTE TEDEC: 2025/A008/000039**

*Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2025”, aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 29 de novembro de 2024.*

*Visto que o Pleno da corporación provincial, en sesión de data 3 de outubro de 2025, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia.*

*Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.*

*Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais.*

*Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do “POS+ AD 4/2025 PARA GASTO CORRENTE, REDUCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES”, é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO*

**Primeiro.-** *Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e*

2 / 4



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000011

servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 4/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	<b>ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025</b>
<b>Gastos correntes 2025</b>	154.562,09 €
<b>Redución da débeda do concello coa deputación</b>	
<b>TOTAL</b>	154.562,09 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	154.562,09 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	154.562,09 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	

**Segundo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Terceiro.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe pola Alcaldesa, Sandra Insua Ria”l.

A Alcaldesa di que se pon toda a cantidade para gasto corrente.

Dona Paula di que votan de menos que os fondos ou parte deles non se destinen a inversión ou para amortizar débeda e que se destine todo a gasto corrente.

Don Xurxo sinala que el está de acordo coa achega provincial e que se destine a gasto corrente, se dese diñeiro se puidera aforrar para algunhas inversións estupendo.

A Alcaldesa contesta que ao fin o gasto corrente para inversión é e que onte tivo reunión e case todos os concellos da contorna van a aprobar para gasto corrente.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

EXPTE. 2025/G010/000011

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

### Votación

Votos a favor: 9

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

- 0 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcadesa levántase a sesión, senda as 9:05 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello, dona Eva Jardón López, co visto e praxe da Alcadesa, dona Sandra Insua Rial.